

Manobras balcÃªnicas

Description

Nos BalcÃªns todo se move. Os lideres europeos traslÃ¡danse a Zagreb e prometen cuantiosas axudas. Kostunica, non sen habilidade, contenta a uns e outros. Milosevic, consolidase como lÃªder da oposiciÃ³n ao fronte do PSS. Diukanovic, insiste no referendo. Rugova, reclama a independencia. As armas volven a soar no sur de Serbia. Expansionistas croatas e serbios congratÃºlanse dos seus Ã©xitos electorais. Todos toman posiciÃ³ns ante os procesos electorais que nos prÃ³ximos meses van decidir o futuro mapa polÃ­tico.

Slobodan Milosevic foi reelixido, o pasado sÃ¡bado, presidente do PSS co 85% dos votos e confirmase como lÃªder da oposiciÃ³n. No discurso congresual acusou a Kostunica de Ã¢“golpistaÃ¢”, cualificou ao Tribunal Penal para os crimes na antiga Iugoslavia de Ã¢“nova GestapoÃ¢”, aos perseguidos por este de Ã¢“heroes nacionais e aos que abandonaron o partido de Ã¢“traidoresÃ¢”. Milosevic semella que aÃ­nda ten moito que dicir en Serbia, cando menos ata o 23 de decembro. Romano Prodi apresurouse a confirmar que as axudas prometidas en Zagreb non teÃ±en relaciÃ³n coa detenciÃ³n ou non de Milosevic.

Claro que o de Milosevic non Ã© o Ãºnico crebacabezas de Kostunica. Nesta semana as mortes regresaron ao sur de Serbia e a Mitrovica, mesmo sen saber moi ben quen eran os autores. Para uns, son obra dos frustrados, tras a derrota electoral nas municipais, exmembros da UÅK, para outros, axentes do expresidente. Os problemas de Belgrado acumÃºlanse no sur. Montenegro insiste en celebrar o referendo, falase da primavera, para decidir o futuro xurÃ­dico desta repÃºblica; no cal, o actual presidente, Diukanovic, optarÃ­a pola independencia. Ao tempo Rugova insiste en lograr a mesma para o Kosovo. As dÃºas independencias difÃ­ciles de asumir para os expansionistas serbios. Se a de Montenegro Ã© factible, dende unha perspectiva xurÃ­dica, non estÃ¡ nada claro que non provoque reacciÃ³ns incendiarias en Serbia e mesmo entre os sectores montenegrinos favorables a manter os lazos polÃ­ticos con Belgrado. Pola contra a independencia kosovar serÃ­a tomada como unha afronta por Belgrado. En Serbia son moitos, ademais de Milosevic, os que anuncian que despois virÃ­a a da Voivodina.

Mentres Eslovenia ten a porta da UE entre aberta (Ã© un dos 12 estados que estÃ¡n a negociar a integraciÃ³n), o goberno croata eliminou esta semana non poucos atrancos (xa comezou as negociaciÃ³ns) recibindo aos lideres europeos e acollendo ao presidente iugoslavo sen grandes disturbios. Zagreb mira cara occidente e dÃ¡lle as costas aos Ã¢“hercegovinosÃ¢” a pesares do seu recente Ã©xito electoral. Toda a Ã¡rea (Croacia, Iugoslavia, Bosnia-Herzegovina, Macedonia e Albania) aprestase a recibir axudas a cambio de eliminar aranceis aos produtos occidentais. Ao fin e ao cabo do que se trata Ã© de crear novos mercados.

Todos estes movementos teÃ±en como obxectivo as elecciÃ³ns do vindeiro 23 de decembro. Nas mesmas Kostunica terÃ¡ que fiar fino. Conta co apoio, a pesares de certos receos, da UE mais ten asegurado o boicot de Montenegro e dos albanos-kosovares, mesmo das autoridades da administraciÃ³n internacional (Kouchner). As hipotÃ©ticas convocatorias, de referendo en Montenegro e elecciÃ³ns xerais no Kosovo, dependen do que suceda o dÃ­a anterior a noiteboa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO BalcÃªns

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 28, 2000

Meta Fields

Autoria : 10663

Datapublicacion : 2000-11-28 00:00:00